

# MANUAL DE USO DO PROXECTO “O CAMIÑO PORTUGUÉS”.

Proxecto realizado por Itzía Paula Bangueses García durante unha licenza por formación no curso 2023/24. Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. Xunta de Galicia.

## Índice

---

a) Actividades interactivas.....	1
b) Outras actividades.....	4

## a) Actividades interactivas

---

### - COMPLETA O ESQUEMA:

Arrastra cada palabra ao lugar que lle corresponde (premendo sobre a palabra e soltándoa cando estea no lugar axeitado).

### - COMPLETA O TEXTO:

a) Arrastrando cada palabra ao lugar que lle corresponde ou

b) Escollendo a opción correcta no despregable

### - SOPA DE LETRAS

Atopa as palabras que coinciden con cada definición. Preme sobre a primeira letra da palabra, arrastra o rato ata a última letra e sóltao.

### - TEST DE OPCIÓN MÚLTIPLE / VERDADEIRO OU FALSO?

Preme na opción que consideras correcta e ( se non hai retroalimentación instantánea) preme no botón verde para comprobar a túa resposta.

### - ADIVIÑA A PALABRA

Le a definición e, tendo en conta as letras que aparecen, escribe a palabra correcta.

## - ATOPA AS PARELLAS

Preme en dúas tarxetas. Se son parella, quedarán dadas a volta. Se non son parella, inténtao outra vez.

## - CLASIFICA

Arrastra cada tarxeta ao grupo que corresponde.

## - ADIVIÑA O CÓDIGO

Pensa e teclea a resposta que consideras correcta, tendo en conta que podes investigar en Internet se o consideras preciso.

## - ROSCO

Teclea a palabra que coincide con cada definición tendo en conta a letra inicial ou intermedia que se indica.

## - TRIVIA

a) Teclea a palabra que corresponda ou

b) Escolle a opción correcta.

## - DESAFÍO

Le os textos e realiza os retos que se propoñen para adiviñar as palabras que debes escribir, que serán as pistas. Despois, escribe o nome da persoa que concorda coas pistas.

Estes son algúns exemplos dos posibles retos:

a) Pensa se as oracións son verdadeiras ou falsas e conta cales son máis numerosas.

b) Pensa cal é a palabra que se pide e cales son as letras que deben ir nos rectángulos laranxas. A continuación, con esas letras forma unha palabra que coincida coas características que se indican (por exemplo, unha comida).

### - VÍDEO INTERACTIVO

Mira o vídeo e, cando se pare, realiza as actividades propostas tendo en conta a información vista.

### - MAPA INTERACTIVO

Preme sobre as zonas activas da imaxe (lupas, chinchetas, etc.) e le a información que aparece.

### - LISTA DESORDENADA

Preme sobre as frechas para colocar as palabras na orde que se indica.

## b) Outras actividades

---

### - APRENDE

Le os textos que aparecen no recurso ou os que se atopan nos links suxeridos.

### - INVESTIGA

Busca información nas páxinas que se indican ou nun buscador de Internet.

### - COMENTA

Pensa sobre os temas que se propoñen e comenta cos teus compañeiros as túas opinións.

### - DEBUXA

Segue as indicacións para elaborar o que se establece na actividade: un climograma, unha liña do tempo, un plano, unha pirámide de poboación, etc.

### - AMPLIACIÓN

a) Le máis textos sobre o tema e atopa a resposta a diferentes preguntas ou

b) Realiza con ferramentas dixitais o traballo que realizaches previamente con lapis e papel. Podes empregar, por exemplo, programas de Libre

Office e seguir as instrucións ou buscar algún tutorial en Internet para aprender a traballar mellor con estes recursos.

#### - REFLEXIONA

Pensa a resposta as preguntas que se plantexan para ser máis consciente do teu traballo e das túas aprendizaxes.